

# D.ª VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

### CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

# 5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL SUND-12 ÁREA MIXTA TERCIARIA / INDUSTRIAL PORTOAMENEIRO. EXPTE 2023/U034/000001.

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 18 de xullo de 2025, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 23 de xullo de 2025.

## "PROPOSTA DA ALCALDÍA

**ASUNTO**: Aprobación definitiva do PLAN PARCIAL SUND-12 AREA MIXTA TERCIARIA/INDUSTRIAL PORTOAMENEIRO. EXPEDIENTE 2023/U034/000001.

Considerando que, mediante Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 4 de xuño de 2010 (DOG nº 112, de 15/06/2010), aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo (A Coruña), publicándose no BOP da Coruña, do 20 de xullo de 2010, a normativa e as ordenanzas do citado Plan Xeral (BOP nº 136).

Considerando que o PXOM formula o ámbito do solo urbanizable non delimitado industrial no sector SUND-12, ámbito que se localiza no extremo S-L da parroquia de Recesende, sobre ambos lados da estrada AC-841, aproximadamente no treito medio da súa travesía do termo municipal en sentido N-S.

Sobre o citado ámbito o Concello de Teo promoveu de oficio un Plan de Sectorización que se aprobou inicial e provisionalmente por Resolucións da Alcaldía do 27 de marzo



de 2014 (Res. 218/2014) e do 12 de xaneiro de 2015 (Res. 13/2015), respectivamente, porén, segundo a memoria xustificativa do Plan Parcial, os "cambios normativos ocurridos desde entonces, y el nuevo contexto en el que nos encontramos indujeron el reinicio del proceso con la presentación de un borrador del Plan Parcial del SUND 12 del área Mixta Terciaria/Industrial de Portoameneiro y su trámite ambiental".

Considerando que a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 1 b), establece que "o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e adaptado á Lei 9/2022, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguinte regras": "b) ao solo urbanizable delimitado e non delimitado, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo. A ordenación do solo urbanizable non delimitado realizarase a través de plans parciais, que terán que conter, ademais da delimitación do sector que será obxecto de transformación e das determinacións exixidas no artigo 68 da presente lei", as especificacións establecidas no citado apartado 1a) da disposición transitoria primeira.

Considerando que, de acordo co exposto, con data de 17 de decembro de 2021, Dalia María Alende Ferrín, en representación de ABTEMAS S.L., presenta no Concello o "Borrador do Plan Parcial SUND12 (tomo 1 memoria), Documento Ambiental Estratéxico (tomo 2) e Planos (tomo 3)" (rex. entrada nº 202100000006467).

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 46.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 81.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG), a citada documentación foi remitida á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, con data de 22 de decembro de 2021 (rex. saída nº 202190000001626), solicitando a emisión do informe preceptivo esixido pola normativa citada.



Con data de 10 de xaneiro de 2022, a citada Consellería require ao Concello para que remita, conforme ao artigo 185.2 do RLSG, informe dos servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e/ou distribuidoras sobre a suficiencia infraestruturas dos servizos existentes previstos (rex. entrada no 202290000000034).

Atendendo ao citado requirimento, con data de 18 de febreiro de 2022, remitiuse á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o informe do xefe do servizo de Augas de Teo, do 16 de febreiro de 2022 (Informe Plan Parcial SUND-12 Área Mixta Terciaria Industrial Portoameneiro – Concello de Teo) (rex. saída 202290000000222).

De acordo co exposto, con data de 18 de abril de 2022, recíbese no Concello de Teo a Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN PARCIAL DO MIXTA TERCIARIA/INDUSTRIAL SUND-12 ÁREA **PORTOAMENERIO** CONCELLO DE TEO (EXPEDIENTE: 2021AAE2642), asinado pola Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, María Sagrario Pérez Castellanos, o 13 de abril de 2023 (rex. entrada nº 20229000000565).

En virtude do exposto, con data de 2 de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 587), PLAN **PARCIAL** SUND-12 preséntase no Concello AREA MIXTA TERCIARIA/INDUSTRIAL PORTOAMENEIRO, de febreiro de 2023, redactado pola empresa ABTEMAS S.L., aportándose un exemplar en soporte papel o 1 de marzo de 2023 (rex. entrada nº 897).

Visto o informe de Secretaría, do 26 de maio de 2023, sobre o procedemento de aprobación do Plan Parcial, e o informe do arquitecto municipal, da mesma data, sobre os informes sectoriais necesarios para a tramitación municipal do Plan Parcial.

En virtude do exposto, mediante Decreto da Alcaldía do 26 de maio de 2023 (res. 665/2025), resolveuse aprobar inicialmente o "PLAN PARCIAL SUND-12 AREA MIXTA

Sede

la en

WUFottPbAf6au0iZJUlh Verificable

CVD:



TERCIARIA/INDUSTRIAL PORTOAMENEIRO", de febreiro de 2023 (rex. entrada nº 587, do 02/02/2023), promovido de oficio polo Concello de Teo e redactado pola empresa ABTEMAS S.L., e someter o expediente a información pública durante un prazo de dous meses, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado (BOE) e no xornal La Voz de Galicia, servindo o anuncio de notificación que se publique no BOE nos termos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para todas as persoas propietarias e interesadas directamente afectadas que por resultar descoñecidas ou por se ignora-lo seu enderezo non poidan ser notificadas persoalmente, ou intentada a notificación non se puidese practicar.

Visto o informe de intervención asinado o 6 de maio de 2023.

Realizadas individualmente as notificacións a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, segundo a relación incorporada na documentación do Plan Parcial, de acordo cos artigos 75.1 a) da LSG e 186.1 a) do RLSG (rexs. saída nº 20230000001343 - 20230000001376 / 20230000001378 - 202300000001381, do 07/06/2023, e rex. saída nº 20230000001650, do 06/07/2023).

Publicado o anuncio de información pública no taboleiro de edictos do Concello (29/12/2023 - 23/02/2024), no Diario Oficial de Galicia (DOG) (23/02/2024), no Boletín Oficial del Estado (BOE) (26/01/2024), no xornal La Voz de Galicia (12/01/2024), no portal de transparencia do Concello de Teo (22/01/2024 - 26/02/2024) e na web municipal (23/02/2024), durante o tramite de información pública presentáronse as seguintes alegacións:

- .- José Alberto García Barona, actuando en nome propio 09/04/2024 (rex. entrada nº 202499900000984).
- .- José Alberto García Barona, actuando en representación de María Elena Barona Fuentes - 09/04/2024 (rex. entrada nº 20249990000985).



Solicitados e, no seu caso, recibidos os correspondentes informes sectoriais, e realizadas as notificacións, esixidas polo artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (rex. saída nº 1402, do 08/06/2023) e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (rex. saída nº 1403, do 08/06/2023).

Visto o documento para a aprobación definitiva do Plan Parcial presentado por Dalia María Alende Ferrin, en representación de ABTEMAS S.L., a través dun enlace o 3 de xullo de 2025 (rex. entrada nº 202599900002155), presentándose en soporte papel o 4 de xullo de 2025 (rex. entrada nº 2828).

Considerando que, tratándose dos informes sectoriais e das alegacións presentadas, o apartado 3 do resumo executivo que acompaña ao Plan Parcial, referido ao resultado de exposición ao público, establece o seguinte:

"El periodo de exposición pública del Plan Parcial fue de dos meses, a partir del día siguiente a la publicación del anuncio en el Diario Oficial de Galicia (DOG). El anuncio se publicó en el DOG el 23 de febrero de 2024, por lo que el periodo de exposición pública finalizó el 24 de abril de 2024.

### 3.1 Informes sectoriales

Durante el periodo de información al público se recibieron tres informes. A continuación, se incluye un resumen ejecutivo de cada uno de los informes sectoriales recibidos.

- 1 Informe de la Consellería de Medio Rural (01/06/2024). Al ser un informe favorable no hay nada que decir, salvo remarcar lo indicado en la propia ordenación del Plan Parcial.
- 2 Informe del Instituto de Estudios del Territorio (03/06/2024). Al ser un informe favorable no hay nada que decir, salvo remarcar lo indicado en la propia ordenación del Plan Parcial.
- 3 Informe de la Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (01/06/2024). En respuesta al informe, se adjunta el informe del Servizo Municipal de Augas do Concello de Teo, en el que se indica que, de acuerdo con los datos del Plan Parcial, y tomando como referencia para los cálculos la Modificación Puntual Nº 2 del Plan Sectorial de Áreas Empresariales de Galicia. Anexo 03: Estudio del Recurso Agua y

08/08/2025 12:43:00

la

en

WUFottPbAf6au0iZJUlh Verificable

CVD:

Electrónica del Organismo



el Apéndice 7.5 del PHGC21-27, y teniendo en cuenta que la edificabilidad del ámbito es de 54.066,30 m², resultaría un consumo de 42.626 m³/año, lo que sería, aproximadamente, 115 m³/día. Además, se adjunta una copia de la resolución de la concesión de agua del Río Santa Lucía para el abastecimiento de la población (DH.A15.06701) en la que se indica que el caudal máximo concedido es de 45 l/s. Por lo tanto, se considera que el caudal disponible es suficiente para atender la demanda del nuevo Plan Parcial.

- Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales (03/06/2024). En respuesta al informe se ha incorporado al Plan Parcial el Capítulo 2 del Título 4 que regula las redes de telecomunicaciones en el ámbito del Plan Parcial. Con la inclusión de este articulado, se da cumplimiento a las observaciones realizadas por la Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales, garantizando que el Plan Parcial se ajusta a la normativa sectorial de telecomunicaciones.
- 5 Informe de la Axencia Galega de Infraestruturas (05/06/2024). Desde la recepción de este informe se estableció un canal de comunicación con la AXI incluyendo en el Plan Parcial todos los temas sugeridos en el informe de la Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de acuerdo con las siguientes determinaciones:
  - Representación del dominio público viario: Se ha grafiado en el plano de información la referencia a la afección de la carretera autonómica AC-841 y a su dominio público viario. Se ha indicado la categorización del tramo de la carretera autonómica AC-841 grafiado en el plano como red local, según el Catálogo de la Red Autonómica de Carreteras de Galicia.
  - Ordenación del sistema viario: Se ha respetado la zona de dominio público de la carretera AC-841 y su línea límite de edificación. El sistema general viario incluye los terrenos comprendidos entre la línea exterior de la zona de dominio público viario y la línea límite de edificación.
  - Identificación del sistema viario: Se ha identificado en la documentación gráfica el sistema viario que tendrá la cualificación de sistema general viario. Se ha acotado en los planos de ordenación la alineación de viales y la alineación de edificación con respecto a la carretera autonómica AC-841.
  - Diseño de los nuevos accesos: Se han incluido en el documento planos de detalle, a escala adecuada, que definen completamente el diseño propuesto para los nuevos accesos, así como para el acondicionamiento de los existentes, acotando todos sus elementos (radios de giro, longitud de cuñas, etc.). Se ha incluido en el documento la justificación del cumplimiento de la normativa sectorial en materia de accesos.

08/08/2025 12:43:00

en

WUFottPbAf6au0iZJUlh Verificable

CVD:

Organismo

Electrónica del



- Análisis de la influencia del tráfico: En el estudio de movilidad adjunto se ha analizado la influencia que, sobre el nivel de servicio de la carretera autonómica AC-841, tienen los tráficos generados por el ámbito de suelo urbanizable, tanto en el año de puesta en servicio como en el año horizonte (20 años desde la puesta en servicio).
- Adaptación de la normativa a los criterios de ordenación: La normativa se ha adaptado a los criterios de ordenación establecidos por la AXI.
- Trazado de las redes e infraestructuras de los servicios públicos: El trazado de las redes e infraestructuras de los servicios públicos da cumplimiento a lo establecido en los artículos 147 y 148 del Reglamento General de Carreteras de Galicia. Las obras de las cruces subterráneas se han definido de manera que produzcan las menores perturbaciones posible a la circulación.
- Presupuesto para la modificación de las marcas viales: En el estudio económico del Plan Parcial se ha indicado el presupuesto destinado a la modificación de las marcas viales de la carretera AC-841 situadas fuera del ámbito del Plan Parcial.
- Respuesta al informe sectorial de la Axencia Galega de Infraestruturas (17/06/2025). Con fecha 18 de junio de 2025, y registro de entrada nº 202590000001449, se recibió el informe sectorial emitido por la Conselleria de Vivienda e Planificación de Infraestructuras, en el que se solicita la introducción de determinadas modificaciones en el documento aprobado inicialmente del Plan Parcial, como condición para emitir informe favorable en relación con la afección a la Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

En cumplimiento de dicho requerimiento, se ha procedido a la revisión y corrección de los planos de ordenación, en particular los planos PORD\ 01 USOS 01 y PORD\\_02SLIC 01 Sistema Viario, con objeto de identificar de forma precisa el sistema viario que tendrá la cualificación de sistema general viario. La delimitación de dicho sistema se ha ajustado hasta la alineación de edificación, incluyendo los terrenos comprendidos entre la línea exterior del dominio público viario y la línea límite de edificación, conforme a lo establecido en el artículo 23.4 de la Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia.

En relación con la observación recogida en el apartado a) del informe sectorial emitido por la AXI sobre el Sistema General Viario, se facilita una nueva delimitación de este, ajustándose al límite de las manzanas siempre que sea posible y, en todo caso, respetando en todo momento el límite de la edificación definida conforme al artículo 23.4 de la Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia.

Sede

la

en

WUFottPbAf6au0iZJUlh Verificable

CVD:

Virginia

FIRMADO POR



## 3.2.- Alegaciones presentadas

Se recibieron dos escritos de alegaciones en relación con el mismo inmueble, ambos presentados por Don José Alberto García Barona. En el primero, actuando en nombre propio y de su esposa, alega la falta de notificación del inicio del expediente a pesar de estar empadronado en la vivienda, la cual pertenece a su madre, Doña María Elena Barona Fuentes, quien se encuentra en una situación de grave enfermedad psiquiátrica. En el segundo escrito, presentado en representación de su madre, se solicita la modificación de la normativa urbanística para permitir una menor dimensión de fachada y la inclusión en el estudio económico de las partidas y costes de expropiación del suelo y recolocación de los poseedores de las viviendas.

En respuesta a los escritos de alegaciones presentados por Don José Alberto García Barona en relación con el inmueble de su propiedad, se informa lo siguiente:

#### 1 Tasación del inmueble

Se ha procedido a la tasación del inmueble mencionado en los escritos de alegaciones, con el objetivo de determinar su valor a efectos de expropiación. El resultado de la tasación se adjunta al presente documento.

#### 2 Solicitud de modificación de la normativa urbanística

En relación con la solicitud de modificación de la normativa urbanística para permitir una menor dimensión de fachada, se informa que no se ha estimado procedente, dado que la normativa urbanística vigente establece una dimensión mínima de fachada para las parcelas con frente a la vía pública, con el objetivo de garantizar la correcta integración urbana de las edificaciones y la calidad del espacio público.

## Solicitud de inclusión de partidas y costes de expropiación y recolocación

En relación con la solicitud de inclusión en el estudio económico de las partidas y costes de expropiación de suelo y recolocación de poseedores de las viviendas, se informa que se ha estimado parcialmente. Se han incluido las partidas correspondientes a la expropiación del inmueble, en base a la tasación realizada. Sin embargo, no se han incluido las partidas correspondientes a la recolocación de los poseedores, dado que el uso residencial no está contemplado como un uso compatible en el ámbito del Plan Parcial.

## Uso residencial en el ámbito del Plan Parcial

El Plan Parcial SUND-12 tiene como objetivo principal la creación de un área empresarial, por lo que el uso residencial no está contemplado como un uso compatible. La inclusión de usos residenciales requeriría una modificación sustancial del Plan Parcial, lo cual no se considera viable en este momento.

#### 5 Conclusión



Se ha estimado parcialmente la alegación en lo que respecta a la tasación del inmueble. Sin embargo, no se han estimado las solicitudes de modificación de la normativa urbanística ni de inclusión de partidas de recolocación, dado que no se ajustan a la normativa urbanística vigente ni a los objetivos del Plan Parcial".

En virtude do exposto e de acordo co artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 186 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e demais normativa aplicable, proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por José Alberto García Barona, actuando en nome propio, o 09/04/2024 (rex. entrada nº 202499900000984), en base ás consideracións recollidas no apartado 3 do resumo executivo do Plan Parcial, reproducidas no presente.

Segundo.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por José Alberto García Barona, actuando en representación de María Elena Barona Fuentes, o 09/04/2024 (rex. entrada nº 202499900000985), en base ás consideracións recollidas no apartado 3 do resumo executivo do Plan Parcial, reproducidas no presente.

Terceiro.- Aprobar definitivamente o "PLAN PARCIAL SUND-12 AREA MIXTA TERCIARIA/INDUSTRIAL PORTOAMENEIRO", de xullo de 2025 (rex. entrada nº 202599900002155, do 03/07/2025 e nº 2828, do 04/07/2025), promovido de oficio polo Concello de Teo e redactado pola empresa ABTEMAS S.L., que afecta aos terreos clasificados como solo urbanizable non delimitado polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Teo.

Cuarto.- Dar por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito do "PLAN PARCIAL SUND-12 AREA MIXTA TERCIARIA/INDUSTRIAL PORTOAMENEIRO", de conformidade cos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG.

Sede

la en

WUFottPbAf6au0iZJUlh Verificable

CVD:



Quinto.- Publicar o presente acordo no Diario Oficial de Galicia, debéndose publicar a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público, así como, se procede, o extracto elaborado con carácter previo á aprobación do documento que incluirá os aspectos referidos nos artigos 82.2 da LSG e 199.2 do RLSG.

Sexto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o documento que conteña a normativa e as ordenanzas.

Sétimo.- Proceder a inscribir o plan no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co artigo 88.1 da LSG e artigo 209.1 do RLSG

Oitavo.- Notificar individualmente o presente acordo a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, segundo a relación que se incorpora na documentación do Plan Parcial, de acordo co artigo 186.4 do RLSG, e demais persoas interesadas, con indicación dos recursos procedentes.

Noveno.- Notificar o presente, remitindo un exemplar do plan, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Décimo.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións sexan necesarias para a execución do acordado".

(...)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (8 PP) e seis abstencións (3 PSdeG-PSOE e 3 BNG), acorda:



<u>Primeiro</u>.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por José Alberto García Barona, actuando en nome propio, o 09/04/2024 (rex. entrada nº 20249990000984), en base ás consideracións recollidas no apartado 3 do resumo executivo do Plan Parcial, reproducidas no presente.

<u>Segundo</u>.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por José Alberto García Barona, actuando en representación de María Elena Barona Fuentes, o 09/04/2024 (rex. entrada nº 202499900000985), en base ás consideracións recollidas no apartado 3 do resumo executivo do Plan Parcial, reproducidas no presente.

<u>Terceiro.</u>- Aprobar definitivamente o "PLAN PARCIAL SUND-12 AREA MIXTA TERCIARIA/INDUSTRIAL PORTOAMENEIRO", de xullo de 2025 (rex. entrada nº 202599900002155, do 03/07/2025 e nº 2828, do 04/07/2025), promovido de oficio polo Concello de Teo e redactado pola empresa ABTEMAS S.L., que afecta aos terreos clasificados como solo urbanizable non delimitado polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Teo.

<u>Cuarto</u>.- Dar por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito do "PLAN PARCIAL SUND-12 AREA MIXTA TERCIARIA/INDUSTRIAL PORTOAMENEIRO", de conformidade cos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG.

Quinto.- Publicar o presente acordo no Diario Oficial de Galicia, debéndose publicar a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público, así como, se procede, o extracto elaborado con carácter previo á aprobación do documento que incluirá os aspectos referidos nos artigos 82.2 da LSG e 199.2 do RLSG.

<u>Sexto</u>.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o documento que conteña a normativa e as ordenanzas.

Sede

lа en

WUFottPbAf6au0izJUlh Verificable

CVD:



Sétimo.- Proceder a inscribir o plan no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co artigo 88.1 da LSG e artigo 209.1 do RLSG

Oitavo.- Notificar individualmente o presente acordo a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, segundo a relación que se incorpora na documentación do Plan Parcial, de acordo co artigo 186.4 do RLSG, e demais persoas interesadas, con indicación dos recursos procedentes.

Noveno.- Notificar o presente, remitindo un exemplar do plan, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Décimo.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións sexan necesarias para a execución do acordado.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Visto e prace

A alcaldesa

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz Lucía Calvo de la Uz